



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE MARZO DE 2019**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/2027/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOUTOR TEIXEIRO, 21.-** Conceder licenza para realizar melloras das condicións de accesibilidade mediante a instalación de ascensor na Rúa Doutor Teixeiro,21.

**LIC/2036/2017.- D. MANUEL OROIS QUIÑOY.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 26/2010, do 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e conceder licenza para a rehabilitación de edificio de dúas vivendas na Rúa Cruz de San Pedro, 5A.

**LIC/1370/2018.- D. JOSÉ ANTONIO RIVEIRO CODESIDO.-** Conceder licenza de obras de rehabilitación parcial do edificio sito na Praza da Universidade, 3.

**LIC/1651/2018.- D. ALBERTO RODRÍGUEZ CASAL.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar Codesedas, 10 Figueiras.

**LIC/987/2018.- D. MANUEL GARCÍA MARTÍNEZ-** Conceder licenza para realizar a rehabilitación de vivenda situada na Rúa Varela de Montes, 8.

**LIC/304/2018.-Dna. ALBA DÍAZ VARELA.-** Conceder licenza para realizar a rehabilitación de vivenda situada na rúa Cruceiro do Gaio, 17.

**LIC/875/2018.- OBRAS MISIONALES PONTIFICIAS.-** Conceder licenza para realizar a reforma interior de edificio situado na Rúa Acibecheira, 21.

#### **CORRECCIÓN DE ERRO**

**LIC/1907/2017.- VIQUEIRA INMUEBLES, S.A. .-** Rectificar de oficio o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 01 de marzo de 2019 no sentido de aclarar e facer constar que onde di “conceder a URBI LUCSA” debe dicir “VIQUEIRA INMUEBLES, S.A.” ratificando as restantes disposicións da resolución e mantendo, en todo caso, as condicións da licenza concedida en sesión de Xunta de Goberno de data 01/03/2019.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para melloras das condicións de accesibilidade mediante instalación de ascensor na rúa Doutor Teixeiro,21.LIC/2017/2018.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade do decreto 26/2010,remisión de copia á Dirección xeral de Patrimonio Cultural,e concesión de licenza para rehabilitación de edificio de dúas vivendas na rúa Cruz de San Pedro,5A. LIC/2036/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras de rehabilitación parcial do edificio sito na praza da Universidade,3.LIC/1370/2018.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Codesedas,10, Figueiras; e aceptación da cesión de viario.LIC/1651/2018.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para rehabilitación de vivenda na rúa Varela de Montes,8. LIC/987/2018. Apróbase a proposta.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para rehabilitación de vivenda na rúa Cruceiro do Gaio,17. LIC/304/2018. Apróbase a proposta.**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para reforma interior de edificio na rúa Acibechería,21.LIC/875/2018. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á corrección de erro na sesión de 1.3.19, no expediente LIC/1907/2017. Apróbase a proposta.**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á corrección de erro na sesión de 15.2.19,sobre devolución de fianza para responder da execución da conexión no ámbito do SUNP-28 (Barcia). Apróbase a proposta.**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente do servizo de mantemento do castelo de A Rocha Forte, gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 59.074,95 euros, IVE incluído.**

**12.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á convalidación da autorización previa da modificación do contido dos proxectos presentados na convocatoria de subvencións de cooperación ao desenvolvemento 2018. Apróbase a proposta.**

**13.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á declarar deserta a licitación do servizo para implementación do programa municipal de apoio para inclusión social. Acórdase rexeitar as ofertas presentadas á licitación destinada á implementación do programa municipal de apoio para a inclusión social, xa que as propostas técnicas non se axustan aos requirimentos dos pregos de aplicación. Déixase, en consecuencia, deserta a licitación.**

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural,Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto básico e de execución do espazo de ocio cuberto no lugar de Reibó, parroquia de Laraño (Santiago). Apróbase o proxecto básico e de execución do espazo de ocio cuberto na parroquia de Laraño, que era un orzamento máximo de licitación de 180.707,45 euros, e un prazo de execución de seis meses.**

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural,Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio do expediente para a resolución do contrato para execución das obras de rexeneración do pavimento da calzada do eixo das rúas Ponte Marzán -Sandino- Cruceiro de Sar. Acórdase iniciar o expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL, dando audiencia ao contratista e á entidade avalista polo prazo de 15 días hábiles. A fixación e reclamación no seu caso dos posibles danos e perxuízos derivados do incumprimento requirirá a tramitación dun procedemento independente unha vez acordada a resolución do contrato, e así tamén a inhabilitación para contratar coa administración.**

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural,Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao rexeitamento de ofertas e adxudicación do contrato de obras de cuberta da pista polideportiva de Verdía. POS (Plan Unico de Concellos) 2018. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa COVISAM NORTE SL, por un importe de 113.725,48 euros, IVE incluído.**

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á reasignación de anualidades para o pagamento do servizo de conservación e mantemento do parque de Salgueiriños de Abaixo. Apróbase a proposta.**

**18.- Xustificación provisional do convenio asinado entre o Concello e a fundación EUGENIO GRANELL para cofinanciamento dos gastos de funcionamento da dita fundación para 2018. Apróbase a proposta.**

**19.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa á permuta da caseta da Praza de Abastos número NC316, da titularidade de dona Lourdes Viqueira Iglesias, pola número NC159 que figura libre. Apróbase a proposta.**

**20.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa ao traspaso da caseta da Praza de Abastos número NC303, da titularidade de dona María Bugarín Martínez, a favor de dona Marta Pájaro Varela. Apróbase a proposta.**

**21.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á autorización da devolución da fianza para responder do contrato de actuación de control arqueolóxico e traballos de limpeza, desbroce de vexetación e consolidacións no castelo de A Rocha Forte-Santiago de Compostela. CON/23/2016. Apróbase a proposta.**

**22.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á autorización da devolución da fianza para responder do contrato do servizo de organización e realización do programa de actividades de educación medioambiental e do Centro de interpretación do medio urbano e natural de Santiago, así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas ao devandito centro. CON/5/2015. Apróbase a proposta.**

**23.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á autorización da devolución da fianza para responder do contrato do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións do sistema de control de tráfico do termo municipal de Santiago de Compostela. CON/179/2009. Apróbase a proposta.**

**24.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á eliminación da porcentaxe de bonificación do 100% no imposto sobre vehículos de tracción mecánica a diversos contribuintes. Apróbase a proposta.**

**25.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á concesión de exencións nas taxas en concepto de saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.**

**26-37.- Expediente TXX/314/2019-Proposta da Concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.**

**38.- Dar conta polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia do nomeamento do xefe de operadores de sala no expediente de conservación e mantemento do túnel do Hórreo. Dase conta.**

**39.- Dar conta da corrección de erro no punto 37 da sesión de 28.12.18. Dase conta.**

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local comercial sito na planta baixa do Bloque III da parroquia de Barciela para a súa utilización como centro sociocultural. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano a contar desde o 1 de abril de 2019 ata o 31 de marzo de 2020. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 551,30 euros mensuais.**

**2.-Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta**

**3.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da orde do 10 de xaneiro de 2019 para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2019.** Apróbase a solicitude de subvención para a realización de accións de información, orientación e busca de emprego á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á modificación do acordo de participación do Concello de Santiago adoptado pola Xunta de Goberno celebrada o 20 de decembro de 2018 sobre a participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. POS+ 2019.** Acórdase participar no POS+ 2019 e solítase a aplicación da achega aos seguintes fins:

\_Pago a provedores:80.846,28 euros

\_Gastos correntes: 91.339,72 euros

\_Investimentos: 684.060,86 euros

Apróbase o Plan Complementario de 2019 no que se inclúen os investimentos financieramente sostibles, por un importe de 722.946,13 euros.

**5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e ACUAES para o financiamento dos custos incurridos no proceso de diálogo competitivo para a determinación do proxecto de construción e explotación da EDAR da Silvouta.** Apróbase a proposta.